

**DOCUMENTO DE ADHESIÓN DA ENTIDADE LOCAL _____ AO
CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E AS ENTIDADES XESTORAS DOS SISTEMAS
INTEGRADOS DE XESTIÓN (SIX) DE RESIDUOS DE PILAS E ACUMULADORES (RPA).**

Visto que o artigo 8.3 do Real Decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos, prevé a participación das Entidades Locais nos sistemas integrados de xestión (SIX) de residuos de pilas y acumuladores (RPA), mediante a adhesión ao Convenio Marco asinado entre a Comunidade Autónoma e as entidades xestoras dos SIX de RPA.

Mediante o presente escrito, solicitamos a adhesión ao Convenio Marco de colaboración entre a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades xestoras dos sistemas integrados de xestión (SIX) de residuos de pilas e acumuladores (RPA), con fin de garantir o cumprimento do Real Decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos.

Que, de conformidade co previsto no artigo 10.4 do RD 106/2008 no referente á posta en funcionamento dun servizo de recollida selectiva dos RPA portátiles a través dalgunha das modalidades contempladas no citado artigo do RD 106/2008, e en particular, a través dun Sistema Público de Xestión (en diante, SPX), nos termos que establece a lexislación en materia de réxime local e se é o caso, das respectivas ordenanzas. Neste sentido:

- Dispónse dun SPX
- Non se dispón dun SPX

A continuación, solicítase a adhesión ao presente Convenio, nunha das seguintes modalidades:

OPCIÓN A

A entidade local que subscribe esta adhesión seguirá coordinando e sufragando o servizo de recollida, transporte (dende os puntos de recollida selectiva dos residuos, PRS, ata o punto de recollida municipal, PRM) e almacenaxe temporal dos RPA portátiles no seu ámbito territorial, recibindo por iso a compensación económica en concepto das citadas operacións establecida no anexo IV do precitado Convenio Marco.

OPCIÓN B

A entidade local que subscribe esta adhesión comunica a súa vontade de non coordinar nin sufragar o servizo de recollida, transporte (dende os puntos de recollida selectiva dos residuos, PRS, ata o punto de recollida municipal, PRM) e almacenaxe temporal dos RPA portátiles no seu municipio, a partir deste momento, a partir dun prazo de 3 meses a contar dende a data da presente adhesión ou, no seu caso, ao termo do contrato establecido entre a entidade local e a empresa concesionaria do servizo de recollida de residuos, se esta data é superior a seis meses. Nese momento, as entidades xestoras dos SIX de RPA realizarán tales funcións, sendo coordinados pola Oficina de Coordinación, de modo que a Entidade Local unicamente se compromete a recepcionar e almacenar temporalmente os RPA portátiles que sexan entregados nos seus PRM e entregalos aos SIX de RPA asinantes.

A data en que se fará efectiva esta opción B é:

A partir da expresada data, a Entidade Local deixará de percibir a compensación económica establecida no anexo IV do presente Convenio Marco.

Por iso, e de conformidade coa cláusula quinta do Convenio de colaboración referido anteriormente, achegamos ao presente escrito o acordo expreso de adhesión por parte do Pleno do órgano competente da Entidade Local ou do órgano en que se delegue ou que resulte competente, o cal inclúe a asunción dos compromisos mínimos contidos no referido pacto.

Atentamente,

Alcalde/sa Presidente/a da entidade local
(DATA/SINATURA ADHESIÓN AO CONVENIO)